



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Curso superior de Administración Electrónica

**CONVOCATORIA:** Curso superior Administración electrónica

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

**ÁREA:** Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	CONVENIO	<b>HORAS:</b>	114
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO UN XU	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2019
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	MIXTO	<b>TIPOLOXÍA:</b>	SUPERIOR	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 25/07/2019 - 08:00h ao 16/09/2019 - 23:55h

**RESPONSABLE:** OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

Este curso pretende afondar, desde unha perspectiva técnico-xurídica, na concepción da Administración electrónica, incidindo na importancia que ten a súa implantación nas distintas administracións da nosa comunidade. Os contidos do programa enfocarán desde distintas perspectivas a Administración electrónica para que as persoas ás que se dirixe adquiren ou perfeccionen os coñecementos teóricos e prácticos da informática e do dereito, completando a súa formación no dereito da informática

### DESTINATARIOS

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica e entidades instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia que se encadren nalgunha das seguintes categorías:

- Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
- Grupos I e II do persoal laboral.

No caso de non cubrirse a totalidade das prazas convocadas, as vacantes que resulten poderán cubrirse por persoal empregado público das devanditas categorías, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración local, da Administración de xustiza e das universidades do Sistema universitario de Galicia.

Para os efectos do establecido na Resolución do INAP do 26 de outubro de 1994 (BOE núm. 267, do 8 de novembro, e corrección, BOE núm. 311, do 29 de decembro), pola que se establecen os criterios de recoñecemento e valoración dos cursos da Administración local en cumprimento do establecido na Orde do Ministerio para as Administracións públicas do 10 de agosto de 1994, e no Decreto 49/2009, do 26 de febreiro (DOG núm. 52, do 16 de marzo), e corrección, DOG núm. 77, do 22 de abril) sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, a este curso outorgaráselle unha puntuación de 1,5 puntos.

## PROGRAMA

A estrutura do curso é a seguinte:

- Réxime xurídico dunha administración dixital.
- Identidade dixital: identificación e sinatura dixitais
- Sede electrónica e carpeta do cidadán.
- Sistema único de rexistro. Canles electrónicas e presenciais.
- Notificación electrónica.
- Interoperabilidade e seguridade. Impacto do Regulamento xeral de protección de datos.
- Cooperación interadministrativa. Instrumentos de coordinación no desenvolvemento da Administración electrónica. Iniciativas no marco europeo.
- Interoperabilidade de datos e documentos.
- Arquivo electrónico, documento electrónico e copia.
- Licitación e factura electrónicas.
- Atención á cidadanía. Transparencia e reutilización.

## CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes, de acordo cos criterios establecidos no punto 5, persoas destinatarias, desta resolución.

## 3. DATOS EDICIÓNS

### SANTIAGO

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela

**INICIO / FIN:** 24/09/2019 a 22/10/2019

**NUM. PRAZAS:** 80

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

#### DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

#### LUGAR DE REALIZACIÓN

**SALON DE ACTOS:** O día 24 de setembro de 11:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

**AULA 5:** O día 24 de setembro de 16:00 a 19:00. O día 01 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 01 de outubro de 16:00 a 19:00. O día 08 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 08 de outubro de 16:00 a 19:00. O día 15 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 15 de outubro de 16:00 a 19:00. O día 22 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 22 de outubro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

**AULA 6:** O día 24 de setembro de 16:00 a 19:00. O día 01 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 01 de outubro de 16:00 a 19:00. O día 08 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 08 de outubro de 16:00 a 19:00. O día 15 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 15 de outubro de 16:00 a 19:00. O día 22 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 22 de outubro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA